



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



DECRETO DA ALCALDÍA: Decreto contratación

Conforme as Bases reguladoras para a contratación dun instrutor deportivo logo de autorizada a contratación anticipada ao Concello de Cerdido por importe de 16.902,64 € ó abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo presente Decreto

Vista a acta do tribunal cualificador de data 10 de agosto de 2026 na que se propón a contratación de Lucía Rego Vázquez.

No uso das atribucións que outorga o artigo 21.1.h da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, veño en **RESOLVER:**

Primeiro: Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador reunido o día 10 de agosto de 2026 e proceder a contratar o seguinte persoal dentro do programa FSE+ Galicia 2021 - 2027 da Xunta de Galicia , con data de inicio 17 de agosto de 2026 e cunha duración de nove meses:

Tipo de contrato laboral: contrato de traballo vinculado a «interese social» .

	Xornada
Lucía Rego Vázquez (DNI ***2351**)	Completa

Segundo: Proceder á publicación deste decreto xunto coa acta da comisión de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen prexuízo de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.